



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA TRES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (43/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e trinta e catro minutos do día tres de decembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 26 de novembro de 2025
- 2.- Aprobación de certificación de obras
- 3.- Concesión de axuda ao fomento da natalidade
- 4.- Adxudicación de contratos menores

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 26 DE NOVIEMBRE DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 26 de novembro de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS

O Sr. Secretario-interventor dá conta da certificación de obra, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a dita documentación e a complementaria, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se reflicte nela, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

- XESTIÓN DE PROPOSTAS –

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2025/G006/000111

Asunto: APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026

Logo de ver a certificación de obra presentada pola empresa adxudicataria das obras contidas no proxecto nomeado, PROYECTO DE OBRA DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS NAS PARROQUIAS DE VAL XESTOSO E VILACHÁ, e o resto da documentación do expediente 2025/C003/000003, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación primeira da obra contida no proxecto nomeado, PROYECTO DE OBRA DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS NAS PARROQUIAS DE VAL XESTOSO E VILACHÁ, expedida por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto, Director das Obras, e executada polo contratista, Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., correspondente ás obras da anualidade 2025, por importe de 41.253,36€ máis 8.663,21€ de Ive, que fai un total 49.916,57€, e a súa documentación anexa (relación valorada, factura, declaración responsable e reportaxe fotográfica).
2. Aboárllela ao contratista e remítilla á Xunta de Galicia, a través da sede electrónica, para o trámite correspondente.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta

3.- CONCESIÓN DE AXUDA AO FOMENTO DA NATALIDADE

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada e da documentación acreditativa que achega, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico do aplicativo Tedec que se indica máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Unha vez examinada a solicitude presentada no Rexistro de Entrada deste Concello o 19-11-2025, núm. 2025000000914, que figura no expediente 2025/A003/000003, e a documentación que se lle achega para xustificar o cumprimento dos requisitos para a concesión das axudas para o fomento da natalidade que establece a ordenanza municipal vixente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Conceder a axuda que establece a Ordenanza municipal reguladora do fomento da natalidade do Concello de Monfero, aprobada polo Pleno da Corporación o 25 de outubro de 2011 e publicada no BOP núm. 247, correspondente ao día 29 de decembro de 2011, ao nacemento ao que se refire o expediente núm.2025/A003/000003, por importe de 1.500,00 euros, e proceder ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo beneficiario. O nome e apelido do/a nacido/a, que, entre outros datos, non se fai constar neste acordo para respectar o dereito á intimidade e á protección de datos, por considerar que non é estritamente necesario, responde as seguintes iniciais: L.B.C.

En Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES

O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Secretaría-Intervención, das ofertas solicitadas e da recibida e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE DE CONTRATO MENOR		
número expediente:	2025/C002/000033	
Órgano de contratación:	XUNTA GOBERNO LOCAL	
Tipo:	Servizos	
Obxecto:	ILUMINACIÓN NADAL (arcadas, decoración fachada Concello, decoración árbores, segundo informe de necesidade que consta no expediente)	
Código CPV:	- 34991000-0 Luces para iluminación exterior. - 31522000-1 Luces para árbore de Nadal. - 31520000-7 Lámpadas e accesorios de iluminación	
Aplicación orzamentaria:	2025.338.22796	
Orzamento base licitación:	Orzamento Base: 7.438,02€	TOTAL 9.000,00€

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

<i>Prazo execución</i>	colocación: 12 días	acendido : 9 decembro 2025 apagado: 8 de xaneiro 2026
<i>Necesidade do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)</i>	O Concello ten a necesidade de contratar o obxecto deste servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios humanos propios precisos e suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor	
<i>Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):</i>	Promoción da actividade turística de interese e ámbito local e da cultura (art. 25.2.h e art. 25.2m da Lei 7 /1985)	
<i>Financiamento:</i>	Municipal (fondos propios)	
OFERTAS (Solicitadas/Recibidas)		IMPORTE
<i>Jose Manuel Presedo Mira</i>		<i>8.954,00</i>
<i>Electricidad Lesta, S.L.</i>		<i>Non presentan oferta no prazo concedido</i>
<i>Electricidad Cruceiro, S.L.</i>		

Logo de ver a oferta recibida e o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo da Xunta de Goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no dito acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3. Adxudicar ao licitador, Jose Manuel Presedo Mira no prezo de 8.954,00€ o servizo que se especifica na memoria técnica e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
5. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e cincuenta e dous minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario